



## Concello de Crecente

PLN/2019/8  
5 de xullo de 2019

### ACTA SESIÓN ORGANIZATIVA da CORPORACIÓN MUNICIPAL

Expediente núm.: PLN/2019/8

Órgano colexiado: O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	5 de xullo de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 10.00h ata as 10:47 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE ACTOS
<b>Presidida por</b>	Julio César García Luengo Pérez
<b>Secretaria</b>	María Fernández Ojea

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34876320V	Anibal Barreiro Paz	Sí
35766312R	Carlos E. Claro Argibay	Sí
76913673V	Carlos Vallejo Domínguez	Sí
44460770E	David Martínez Fernández	Sí
34877570W	Iván Fernández Faro	Sí
35760161Z	Jorge Vázquez Rey	Sí
76911956W	Julio C. García-Luengo Pérez	Sí
34870314Z	Marisol Gómez Domínguez	Sí
35761449Z	Víctor Paz Rodríguez	Sí
76912577W	Begoña Mariño Rodríguez	Sí
34626536Z	Beningno López Álvarez	Sí



## Concello de Crecente

### Sesión organizativa. Acta da primeira sesión Plenaria

No Concello de Crecente, sendo as 10.05 horas, do venres 5 de xullo de 2019, baixo a Presidencia de D. Julio César García Luengo Pérez, alcalde da Corporación, ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no que se dispón que dentro dos trinta días seguintes á celebración da sesión constitutiva, o alcalde convocará sesión extraordinaria do Pleno, ao obxecto de fixar o funcionamento da nova Corporación local, reúnanse na Casa consistorial, as persoas que integran a Corporación, coa ausencia xustificada dos concelleiros Aníbal Barreiro Paz e David Martínez Fernández.

Así, unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión e iníciase o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

#### PARTE RESOLUTIVA

##### Aprobación da acta da sesión anterior

Aprobación da acta da sesión anterior, de data 15 de xuño de 2019, pola que se constituíu este Concello, e a súa Corporación municipal.

**Aprobada por unanimidade**

##### Constitución dos grupos políticos, as persoas integrantes dos mesmos e determinación das que actuarán como voceiras

Dase conta dos diferentes grupos, de conformidade co artigo 24 do ROF, quedando integrados como seguen;

###### Partido Popular

1. Julio César García Luengo Pérez
2. Marisol Gómez Domínguez
3. Carlos Vallejo Domínguez: voceiro
4. David Martínez Fernández: voceiro
5. Iván Fernández Faro
6. Begoña Mariño Domínguez
7. Víctor Paz Rodríguez
8. Jorge Vázquez Rey

###### PSdeG PSOE

1. Carlos Eduardo Claro Argibay; voceiro
2. Aníbal Barreiro Paz

###### BNG

1. Benigno López Álvarez

**Aprobada por unanimidade**



## Concello de Crecente

### Periodicidade das sesión plenarias

Pola Presidencia proponse, dacordo ao establecido nos artigos 46 a) da Lei de Bases de Réxime Local e 210 da Lei da Administración Local de Galicia, a celebración das sesión ordinarias do Pleno do Concello de Crecente **cada TRES (3) meses**, coincidindo **co último xoves** de cada bimestre **ás 10.00 horas**. No caso de que coincida a festivo celebrárase o segundo día hábil seguinte.

**Fixase para o xoves, 26 de setembro, ás 10.00h, a primeira sesión ordinaria.**

Aprobada por UNANIMIDADE

### Creación e composición da COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Á vista do preceptuado nos artigos 20.1.c) da LRBRL e do artigo 68 da Lei da Administración Local de Galicia, e demais preceptos concordantes, a Presidencia propón a non creación de comisións de estudo, informe ou consulta, xa que estas son potestativas nos concellos de menos de 5.000 habitantes, propondo a creación dunha única comisión; a COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS (de existencia preceptiva en todos os concellos)

Así, e seguindo o estipulado nos artigos 66 e 67 da Lei da Administración Pública de Galicia proponse a creación dunha comisión especial de Contas coa seguinte composición:

- Presidencia; Julio César García Luengo Pérez
- **Integrada por.**
  - **Dona Marisol Gómez Domínguez**
  - **Don David Martínez Fernández**
  - **Dona Begoña Mariño Domínguez**
  - **Don Carlos Eduardo Claro Argibay**
  - **Don Benigno López Álvarez.**

Aprobada por UNANIMIDADE

### Nomeamento das persoas representantes en ÓRGANOS COLEXIADOS

O Presidente realiza a seguinte proposta:

- Representante do Concello no consello escolar do **colexio** público comarcal a Dona Begoña Mariño Domínguez, e suplente a Don Víctor Paz Rodríguez
- Representante do Concello no consello escolar da **GARDERÍA** pública a Dona Begoña Mariño Domínguez, e suplente a Don Víctor Paz Rodríguez
- Representante do concello ante a **Confederación Hidrográfica** a Don David Martínez Fdez e D. Iván Fernández Faro.

Aprobada por UNANIMIDADE



## Concello de Crecente

### Acordo de CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Constituída a nova Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, como consecuencia das Eleccións Locais celebradas o día 26 de maio de 2019, resulta necesario proceder á nova organización municipal.

Proponse ao Pleno a creación da Xunta de Goberno Local, non sendo a mesma preceptiva nos Concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, como é o caso do Concello de Crecente, polo que a súa existencia deberá ser acordada polo Pleno, nesta sesión. Considerando a súa importancia coma órgano colexiado municipal con capacidade resolutoria, e ao abeiro do disposto nos artigos 20 b) da LBRL, 59.2 b) da Lei 5/1997, de 21 de xuño, de Administración Local de Galicia e artigo 35 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a creación da Xunta de Goberno Local, a cal deberá estar constituída por un número de membros non superior ao tercio do número legal de membros da Corporación, que no caso deste Concello é de TRES (3) membros, ademáis do Alcalde- Presidente.

Aprobada por UNANIMIDADE

### DELEGACIÓNS do PLENO na XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Alcalde, Don Julio César García Luengo, fai a seguinte proposta ao Pleno:

Pola Presidencia proponse ao Pleno da Corporación, ao abeiro do disposto nos artigos 22 da LBRL e 50 e 51 do ROF, a delegación na Xunta de Goberno Local, e sempre que se teña acordada a súa creación, a totalidade das atribucións do Pleno que sexan susceptibles de delegación, e en concreto as seguintes:

- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia Plenaria (art.22.2.j LBRL)
- A declaración de lesividade dos actos do Concello (art. 22.2.k LBRL)
- A liquidación de operacións de crédito cuxo importe acumulado dentro cada exercicio financeiro supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento - agás as operacións de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento superen o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior - todo de conformidade co disposto na Lei Reguladora de Facendas locais (Art. 22.2.m LBRL)
- A aprobación de proxectos de obra e servizos cando sexa competente para a súa contratación, e cando non estiveran previstos nos Orzamentos (Art. 22.2.ñ LBRL)
- As demais que expresamente lle concedan as Leis
- As competencias en materia de contratación atribuídas ao Pleno segundo a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao sistema xurídico español, as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Aprobada por UNANIMIDADE

### Determinación de cargos en réxime de adicación exclusiva e fixación das retribucións e indemnizacións



## Concello de Crecente

### ás persoas membros da Corporación Municipal

Ao abeiro do establecido no artigo 75.1, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que as persoas que pertencen ás entidades Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con adicación exclusiva, o 75 bis.1, da mesma Lei, na redacción que lle da a Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, e de conformidade co disposto no artigo 18 do Real Decreto Lei 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do Sector Público, a Alcaldía fai a seguinte proposta:

#### A. Adicación exclusiva da ALCALDÍA

- Será exercido en réxime de ADICACIÓN EXCLUSIVA o cargo de ALCALDÍA cunha retribución anual de 37.500 euros distribuídos en 12 pagas
- A retribución asignada polo concepto de adicación exclusiva será percibida polo alcalde e será efectiva a partir do día seguinte do seu recoñecemento por este Pleno na súa sesión organizativa.

#### B. Asistencia a sesións:

- As persoas que integran a Corporación, que non desempeñen o seu cargo en réxime de adicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes indemnizacións:
  - Por cada asistencia a sesión celebradas polo PLENO da Corporación: **90 euros**
  - Por cada asistencia a sesión celebradas pola Xunta de Goberno Local: **55 euros**
  - Por casa asistencia a sesión da Comisión Especial de Contas: **35 euros**
  - Ademais todas as persoas que integran a Corporación terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, sempre que sexan debidamente autorizados e xustificados, nos termos e cuantías que fixa a normativa reguladora das indemnizacións por razón do servizo, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Intervén o voceiro do PSdG PSOE para preguntar se o soldo do alcalde é o mesmo que na lexislatura anterior e canto representa a suba en porcentaxe, ao que se lle responde que pouca máis dun 8%.

Intervén o voceiro do BNG para criticar o soldo da adicación exclusiva indicando que un soldo de mil cincocentos euros sería moito máis que suficiente e propón que os membros da Corporación renuncien ás indemnizacións por asistencia a órganos colexiados e xunto a outras axudas se realice un estudo das eivas e potencialidades do Concello de crecente para o seu desenvolvemento e mellora. O alcalde Presidente responde que a parte do orzamento adicada a órganos de goberno representa unha porcentaxe mínima e que outros concellos, gobernados polo BNG, duplican e triplican esta asignación, como é o caso das Neves ou Pontearreas, onde as adicacións exclusivas ascenden a máis de 180.000 euros e que no Concello de Crecente aínda se reducen xa que na anterior lexislatura existía unha adicación parcial, que agora se suprime.

Aprobada por 7 votos a FAVOR (PP), 1 ABSTENCIÓN (PSdeG PSOE) E 1 VOTO EN CONTRA (BNG)



## Concello de Crecente

Dación en conta dos DECRETOS DE ALCALDÍA en materia de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, Tenentes de Alcalde, membros das comisións e delegacións

Dase conta ao Pleno os seguintes decretos: Decreto 2019-0349 pola que se nomea aos Tenentes de alcalde, decreto 2019-0348 de nomeamento dos integrantes da Xunta de Goberno Local e a delegacións de función na mesma, así como o réxime de delegación de competencias nos concelleiros/as da Corporación, segundo o Decreto 2019-0347

*Decreto 2019-0347*

Constituída a nova Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, como consecuencia das Eleccións Locais celebradas o día 26 de maio de 2019, resulta necesario proceder á nova organización municipal.

De conformidade co disposto no artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia e nos artigos 43 a 45 e 114 a 118 do ROF, e no uso das atribucións conferidas polos artigos 21.3 e 23.4 da LBRL, **RESOLVO**

**Primeiro.-** Realizar a favor dos/as concelleiros/as que de seguido se citan, as delegacións xenéricas e específicas que se detallan, abarcando tarefas de estudo, proposta e información, excluída a facultade de resolver, mediante actos administrativos que afecten a terceiras persoas interesadas;

- Urbanismo: Víctor Paz Rodríguez
- Turismo, Emprego e Economía: David Martínez Fernández
- Portavoz do Goberno e Relacións Institucionais: Carlos Vallejo Domínguez
- Políticas Sociais: Marisol Gómez Domínguez
- Sanidade: Jorge Vázquez Rey
- Cultura, Educación, Deporte e Comercio Local: Begoña Mariño Rodríguez
- Infraestruturas, Medio ambiente, Vivenda e Patrimonio: Iván Fernández Faro

**Segundo.-** A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta resolución, sen prexuízo da súa avocación conforme á lexilación vixente.

**Terceiro.-** Da presente resolución darase conta ao Pleno, na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais, persoalmente, ás persoas designadas e publicarase no BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á sesión organizativa do Pleno no que se acorde a creación deste órgano colexiado.

**Nomeamento de Tenentes de Alcalde- Decreto 2019-0349**

Constituída a nova Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, como consecuencia das Eleccións Locais celebradas o día 26 de maio de 2019, resulta necesario proceder á nova organización municipal.

Ao abeiro do disposto nos artigos 62 da Lei 5/1997, de 21 de xuño, de Administración Local de Galicia e artigo 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Nomear aos seguintes tenentes de alcalde:

- Primeira tenente de Alcaldía; Dona Marisol Gómez Domínguez
- Segundo tenente de Alcaldía; D. Carlos Vallejo Domínguez



## Concello de Crecente

- Terceiro tenente de Alcaldía; Don David Martínez Fernández

As persoas Tenentes de Alcaldía, en canto tales, corespóndelles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións.

**Segundo.-** Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre notificándose ademais ás persoas designadas e publicándose do BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

### Nomeamento de membros da XGL e delegación de competencias - Decreto 2019-0348

Constituída a nova Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019, como consecuencia das Eleccións Locais celebradas o día 26 de maio de 2019, resulta necesario proceder á nova organización municipal.

Sendo intención desta Alcaldía propor ao Pleno a creación da Xunta de Goberno Local, non sendo a mesma preceptiva nos Concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes, como é o caso do Concello de Crecente, a súa existencia deberá ser acordada polo Pleno, na sesión de organización e Funcionamento, polo que nos termos que resultan dos artigos 23 da LBRL, artigo 65 da Lei 5/1997, de 21 de xuño, de Administración Local de Galicia e artigo 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

### RESOLVO

**Primeiro.- Nomear** como membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Crecente a Dona Marisol Gómez Domínguez, Don Carlos Vallejo Domínguez e Don David Martínez Fernández, estando a mesma presidida polo Alcalde- Presidente, Don Julio César García Luengo Pérez.

**Segundo.- Delegar** na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións, susceptibles de ser delegadas segundo o artigo 21.1 da LBRL, en virtude da habilitación recoñecida no apartado terceiro do precepto de referencia, e sen prexuízo da súa asunción directa en calquera intre, as seguintes;

#### **En materia urbanística:**

- O control municipal da construción e do uso dos predios mediante licenza municipal consistente no **outorgamento de licenzas urbanísticas** á que fai referencia o artigo 142.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que de seguido se relacionan:
  - a) Os actos de construción e uso do solo e do subsolo que, de acordo coas normas xerais de xestión de edificios, requiren un proxecto de obras.
  - b) As intervencións en bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados polas súas características únicas ou por valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
  - c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de rexistros de restauración da legalidade urbana.
  - d) As paredes da contención da terra, segundo estableza a normativa.



## Concello de Crecente

- e) Os grandes movementos e explicacións da terra.
  - f) Parcelación, segregación ou outros actos de división de terreos en calquera tipo de solo, cando non fosen parte dun proxecto de reparcelación.
  - g) A primeira ocupación dos edificios.
  - h) A implantación de calquera instalación residencial, xa sexa provisional ou permanente.
  - i) A caída de masas arbóreas ou vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbana e, en calquera caso, cando se derivou da tal protección da lexislación de dominio público.
- A concesión de licenzas e/ou autorizacións previas para a apertura de establecementos e organización de espectáculos públicos e actividades recreativas nos termos do previsto no artigo 41 da Lei 9/2013 de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.
  - Declaracións de ruína de edificios e ordes de execución de obras maiores de conservación e reforma de fachada e espazos visibles da vía pública.

### En materia de contratación:

- As contratacións e concesións que non teñan consideración de contratos menores, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento municipal.
- A aprobación da devolución de avais de obras, Servizos e suministros de calquera natureza.
- A concesión de subvencións e axudas económicas dentro dos límites establecidos nas bases de execución do orzamento.

### En materia de Servizos:

- A resolución de solicitudes de alta, baixa, e ou, modificación, nos Servizos municipais de auga, abastecemento e saneamento e lixo, e conexión á rede de abastecemento e saneamento municipal.

### En materia de patrimonio:

- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, nin os 3005.060, 52 euros, así como que a súa enaxenación non supere a porcentaxe citada.
- Todas aquelas cuestión puntuais, competencia da Alcaldía, que ésta desexe someter ao estudo ou resolución da Xunta de Goberno Local.

**Terceiro.-** En supostos concretos, por razón de urxencia e/ou oportunidade, a Alcaldía poderá avocar ara sí, o exercicio de calquera das competencias delegadas no punto segundo.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local terá a súa **primeira sesión o vindeiro xoves, 11 de xullo, ás 10.00h**, ao beiro do disposto no artigo 112.1 do ROF.

**Quinto.-** Da presente resolución darase conta ao Pleno, na primeira sesión que se celebre, notificándose ademáis, persoalmente, ás persoas designadas e publicarase no BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á sesión organizativa do Pleno no que se acorde a creación deste órgano colexiado.





## Concello de Crecente

---

E non tendo outros asuntos que tratar o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as 10.35 horas, e dase por rematada a sesión extendéndose a presente acta, que asina o Sr. Alcalde, perante min, secretaria, que dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**